

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DE FEBREIRO DE 2022

EXPEDIENTE GD: 1587/2022

ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (Pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

Primeiro. Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves 24 de febreiro de 2022, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas).

Dada a mellora da situación sanitaria, e sen prexuízo de continuar cas medidas de prevención necesarias, as sesións dos plenos volverán ser presenciais tal e como se acordou na Xunta de Voceiros do 14.02.2022.

A) PARA DAR CONTA:

Punto primeiro. Dar conta ao pleno da corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

Punto segundo. Dación de conta da execución trimestral PMP e morosidade 4º trimestre 2021.

Punto terceiro. Dación de conta das queixas, suxestións e reclamacións presentadas no ano 2021.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

Punto cuarto. Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 27.01.2022, acta da sesión extraordinaria do 10.02.2022).

Punto quinto. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal 2.5 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) do Concello de Ames.

Punto sexto. Aprobación do expediente de licitación do servizo de limpeza integral nas instalacións municipais e nos centros educativos do Concello de Ames, 3 lotes.

C) MOCIÓNS:

D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

Punto sétimo. Rogos e preguntas.

Segundo. Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita



sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro. Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde
José Blas García Piñeiro

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
0FD2C3776C7B204298B5CEE009905C886F2BBDE1
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABAJO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2DC25C08557354B4FA0

